

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE DECEMBRO DE 1996.-**

Na Sede Provisional da Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia, sita en Salgado Moscoso, 9, o día vintetrés de Decembro de mil novecentos noventa e seis; ás cinco da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xosé Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 17 de Decembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Manuel González Miguélez, veciño de Francelos, con domicilio na rúa Cano, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sito no Chan, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a un informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "Corresponde a Zona Clasificada como B+I.- Deberase mante-lo regato frontal sen altera-la súa forma e dimensións.- O seu pase superior será

mediante losa de formigón que non poderá reduci-la sección do canal.- Previa á edificación, é preciso obte-la licencia de obra e mailo compromiso de urbanizar e cede-los terreos sinalados no plano de aliñacións.- E de aplicación a Ordenanza 4.1.2. Ordenanza C.U. Conxunto Urbano de Conservación Parcial de Carácter, CATEGORIA B.- 4.1.2.- Ordenanza CU: Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter.- CATEGORIA B.- Definición.- Solo vacante en torno a espacios de ordenación cerrada con patios constituídos por edificios antigos e representativos da urbe que conforma o borde do núcleo, sendo preciso o mantemento parcial do devandito carácter.- Ambito territorial.- Sinalado no plano de ordenación.- Normas de usos.- Usos admitidos.- Residencial: vivienda unifamiliar.- Dotacional: calquera clase de primeira categoría.- Industria: na primeira categoría compatible con vivienda.- Usos prohibidos: tódolos demais.- Normas de volume: condicións estéticas.- Materiais de fachadas: as fachadas serán de pedra do país ou acabados en morteiros monocapas de cores habituais na zona. A excepción daquelas mazas con fronte a San Xes que terán que ser en pedra. Prohíbense expresamente os aplacados e azulexos.- Cubertas: as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva.- Carpintería exterior: empregárase madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade.- Condicións de posición.- Aliñacións: as definidas no plano de Aliñacións, Rasantes e Ordenación correspóndese cos cerramentos.- Retranqueos: 3,00 m. a tódolos lindeiros.- Rasante: a do terreo natural ou no seu caso a da rúa á que dá fronte.- Condicións de parcelacións: parcela mínima 300 m².- Condicións de edificación.- Ocupación máxima 40%. - Edificabilidade: 0,8% m²/m².- Altura máxima 2 plantas (B+1) e aproveitamento baixo cuberta que non computa a efectos de edificabilidade".

Visto o escrito de Don José Manuel Sampedro Cid, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 39, 1º C, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Baltasar López Lamas, na representación de COLONIALES CRUZ S.A., con domicilio en Ourense, Estrada de Vigo, quilómetro 542, no que solicita a regulamentaria licencia para abrir ó público un establecemento que haberá de adicarse a Supermercado na rúa Ribeiro, 21, baixo, desta Vila; cumpridos os trámites esixidos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade e, en uso das facultades que lle outorgan as leis vixentes sobre a materia, en consonancia tamén coa correspondente Ordenanza Fiscal acorda concede-la licencia definitiva que se solicita e mesmo aproba-la liquidación da taxa municipal, o cal importe é de 163.240 pesetas, cantidade que deberá ser ingresada nas arcas do Concello sen o cal requisito esta licencia non surtirá efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Para garanti-lo normal funcionamento dos servizos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda prorroga-los contratos dos traballadores que de seguido se sinalan, nos mesmos termos dos contratos actualmente vixentes perante o exercicio económico de 1997, agás que se producirá a cobertura regulamentaria das devanditas prazas antes do remate do ano:

Don José Benito Gómez Lojo.
Dona Antonia Reinaldo Touza.
Don Eduardo Lorenzo Dabarca.
Don José Manuel Pérez Otero.
Don Luis Iglesias Barreiro.
Don Antonio Domínguez Fernández.
Don Maximino Lama Miguez.
Don Gerardo Fernández Pérez.
Don Antonio Miguez Amil.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as cinco e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.